

**COMUNICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2023 (a noite do 23 de xuño do 2023 á madrugada do 24 de xuño do 2023) E DE SAN PEDRO 2023 (a noite do 28 de xuño do 2023 á madrugada do 29 de xuño do 2023)**

**Aviso: Esta comunicación debe presentarse xunto co DNI do responsable para a súa comprobación**

A persoa que asina e comunica a realización da fogueira será sempre o **responsable dos danos e prexuízos que esta ocasiona**

| RESPONSABLE DA FOGUEIRA |                    |
|-------------------------|--------------------|
| DNI                     | NOME E APELIDOS    |
| ENDEREZO                |                    |
| PARROQUIA               | MUNICIPIO          |
| TELÉFONO                | CORREO ELECTRÓNICO |

**COMUNICA:**

A realización dunha fogueira na noite do **23 de xuño** que se realizará en:

| DATOS DA FOGUEIRA  |
|--|
| Lugar exacto da fogueira: (rúa, lugar, parroquia, referencias) |

A realización dunha fogueira na noite do **28 de xuño** que se realizará en:

| DATOS DA FOGUEIRA  |
|--|
| Lugar exacto da fogueira: (rúa, lugar, parroquia, referencias) |

**E comprométese a cumprir as seguintes normas:**

- As persoas, organización ou comunidade que desexen realizar unha fogueira deberán comunicalo por escrito ao Concello de Fene, acompañando DNI do responsable. Estas comunicacións só se poderán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou no Rexistro Electrónico desta entidade, por persoas maiores de idade, dende a data de sinatura correspondente bando informativo ata ás 14.00 horas do 22 de xuño de 2023, séndolle de aplicación o disposto. As luminarias poderán realizarse unicamente os días 23 de xuño e madrugada do 24 de xuño, e 28 de xuño e madrugada do 29 de xuño. A persoa representante será responsable do cumprimento das presentes normas:

- Só se poderán realizar as luminarias en terreos públicos e particulares localizados en solo urbano (núcleos urbanos) e en solo de núcleo rural (núcleos rurais)

- A separación mínima á área de árbores e libre de combustible será, polo menos, de 15 metros a árbores de pequeno ou mediano porte; 25 metros a árbores de gran porte, tendidos eléctricos ou telefónicos, entre outros, e a 15 metros do mobiliario urbano.

- A fogueira non superará en ningún caso os 3 metros de altura nin os 8 de perímetro.



- Queda prohibida a queima de plásticos, aceites, neumáticos, espumas de poliuretano, recipientes que conteñan líquidos ou gases (sprais) aínda que estén baleiros, e en xeral, calquera outra sustancia que poida desprender fume tóxico.

- Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemede, se iniciado o lume se prodúcese a aparición de vento intenso, procederase a apagalo.

- Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e logo de dúas horas sen lapas ou brasas.

- O Concello de Fene, por iniciativa ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, poderá impedir a realización nos casos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.

- En caso de incumprimento do indicado, ou de queixas fundamentadas da veciñanza, poderase requirir a extincións das fogueiras.

- Esta comunicación non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houbera lugar no caso de producirse un incendio forestal polo uso do lume cando conorra negligencia ou imprudencia.

O cumprimento destas normas poderá ser comprobado pola Policía Local (981.49.27.77), que darán conta das incidencias/infraccións detectadas.

Teléfonos de interese:

- Concello de Fene: 981 492 707
- Emerxencias: 112
- Policía Local de Fene: 981 492 777
- Protección Civil de Fene: 663 379 073

O/a asinante declara: Ser certos os datos achegados e orixinais ou copias da documentación adxunta, e que se compromete a cumprir coas especificacións anteriormente descritas

Fene..... de ..... de 2023

Asdo.:

**ALCALDE DO CONCELLO DE FENE**

**LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL** De conformidade co establecido no art. 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e en todos os casos nos que a correspondente documentación estea ou deba estar na Administración, insta a que se incorpore de oficio ao expediente testemuñas daqueles. Por iso préstase consentimento ao Concello de Fene para se poidan consultar e transmitir cantos datos resulten precisos para comprobar a veracidade dos datos expostos ou comunicados, sen prexuízo das restricións que establezan as normas de aplicación. No caso de que se opoña a este consentimento debe indicalo aquí:

Asinado: -----

Información sobre a protección dos seus datos: De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE FENE, con dirección PRAZA DO ALCALDE RAMON JOSÉ SOUTO GONZALEZ S/N, 15500 - FENE (A CORUÑA); SECRETARIA@FENE.GAL. 1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE FENE é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en SECRETARIA@FENE.GAL. 2.- finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo 3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo. 4.-destinatarios de cesións: CONCELLO DE FENE non cederá os seus datos de carácter persoal. 5.- dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE FENE dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en SECRETARIA@FENE.GAL, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.